



DECRETO .../2017, do , polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por calquera circunstancia persoal ou social e, no artigo 9.2, establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

A normalización social e integración plena da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero aínda non é unha realidade social malia os claros avances producidos nos dereitos das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (en diante persoas LGTBI ou colectivo LGTBI).

En virtude do mandato estatutario o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. A dita lei establece no artigo 7.2 que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

A creación dun órgano consultivo considérase fundamental para identificar as necesidades e para a promoción da igualdade real e efectiva do colectivo LGTBI nas diversas esferas da vida social, económica, laboral, sanitaria, educativa e cultural, así como de loita contra a homofobia, bifobia, lesbofobia e/ou transfobia.

Este decreto materializa a creación do citado órgano consultivo cumprindo así, por unha parte, co mandato legal de que a Administración pública estableza unha canle de diálogo coas entidades representativas en Galicia do colectivo LGTBI e, por outro lado, constituíndo un foro de estudo e proposta que poida ser útil no camiño para a consecución da plena integración das persoas en todos os ámbitos, con independencia da súa identidade sexual ou de xénero ou da súa orientación sexual e que poida axudar no desenvolvemento das políticas públicas orientadas a esta finalidade.

Respecto á súa estrutura, este decreto consta de 24 artigos agrupados en dous capítulos, tres disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I, que leva por rúbrica «Disposicións xerais», e regula: o obxecto, a natureza e o réxime xurídico, a finalidade, a adscrición e as funcións do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.



XUNTA DE GALICIA

O capítulo II titúlase «Normas básicas de organización e funcionamento», está dedicado á composición do Observatorio, regulando as figuras da Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e vogalías, as súas substitucións e as correspondentes funcións. Ademais diso, este capítulo recolle o réxime de funcionamento do Observatorio e o procedemento de designación das vogalías correspondentes aos colectivos LGTBI.

A disposición adicional primeira sinala que as actuacións previstas neste decreto non implicarán incremento adicional do gasto público e non xerarán aumento dos créditos orzamentarios da consellería competente en materia de igualdade, a disposición adicional segunda establece o prazo de constitución do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e a disposición adicional terceira regula a actualización de modelos normalizados.

A disposición derradeira primeira habilita para o desenvolvemento normativo e a segunda establece a entrada en vigor deste decreto.

Consonte o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta disposición foi sometida a trámite de audiencia, á información pública e conta con todos os informes correspondentes.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, oído/de acordo co Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do.....de 2017 en virtude das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto a creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero así como a regulación das súas funcións, a composición, o réxime de funcionamento e o procedemento de solicitude e recoñecemento das vogalías representantes de colectivos LGTBI no dito observatorio (SI900A).

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico*

1. O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero configúrase como un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero.

2. En todo o non regulado neste decreto seralle de aplicación o establecido na sección 3ª do capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Artigo 3. *Finalidade*

A finalidade do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade de orientación sexual e de xénero co obxecto de identificar as dificultades para a integración social plena das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais (en diante persoas LGTBI ou colectivo LGTBI). Así mesmo, servirá de foro de diálogo permanente entre a Administración autonómica e o movemento asociativo que teña como obxecto a integración social en todos os ámbitos destas persoas.

Artigo 4. *Adscrición do Observatorio*

O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero adscíbese ao órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, que lle prestará o soporte persoal e material preciso para o exercicio das súas funcións.

Artigo 5. *Funcións*

1. Este observatorio, para a consecución dos seus fins, exercerá as seguintes funcións:

- a) Analizar os principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGBTI.
- b) Realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas para a garantía dos dereitos das persoas LGBTI na nosa comunidade e para a súa integración e normalización social plena.
- c) Promover a realización de campañas de sensibilización e concienciación sobre a diversidade sexual e identidade de xénero.
- d) Manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI.
- e) Propoñer a realización de investigacións e estudos específicos que resulten de interese para o coñecemento da situación das persoas LGTBI na Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Promover a produción de material documental de interese sobre as materias propias das súas funcións.
- g) Identificar as iniciativas, experiencias, proxectos piloto, recursos e programas de referencia en materia de dereitos das persoas LGTBI, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma, como no do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas, facilitando a súa divulgación e promoción.
- h) Realizar un seguimento da evolución dos dereitos e da normalización da situación das persoas LGTBI.



- i) Promover foros de discusión e debate que, nos seus diferentes formatos, permitan o encontro e a reflexión das diferentes entidades e axentes sociais e económicos involucrados na defensa dos dereitos das persoas LGTBI.
- j) Emitir cantos informes sexan solicitados polas distintas administracións da Comunidade Autónoma de Galicia sobre as materias da súa competencia.
- k) Actuar como órgano de vixilancia, asesoramento e denuncia en materia de erradicación da discriminación por razón de orientación sexual e identidades de xénero
- l) Fomentar calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coas anteriores funcións, así como realizar aquelas que lle sexan encomendadas para o mellor cumprimento dos seus fins.

CAPÍTULO II

Normas básicas de organización e funcionamento

Artigo 6. *Composición*

- 1. O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero terá a seguinte composición: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e vogalías.
- 2. Na composición do Observatorio procurarase acadar unha presenza equilibrada por razón de xénero

Artigo 7. *Presidencia*

- 1. A Presidencia do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de igualdade.
- 2. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa titular da Presidencia será substituída pola titular da Vicepresidencia, salvo que, por vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal de ambas as dúas, a persoa titular da presidencia designe outra persoa entre as titulares das vogalías do observatorio.
- 3. As funcións da persoa titular da Presidencia son:
 - a) Desempeñar a representación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.
 - b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros que foran formuladas con suficiente antelación.



XUNTA DE GALICIA

- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á presidencia dun órgano colexiado.

Artigo 8. *Vicepresidencia*

1. A Vicepresidencia do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero correspóndelle á persoa titular do órgano da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.
2. Son funcións da persoa titular da Vicepresidencia:
 - a) Exercer as funcións atribuídas á persoa titular da Presidencia en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal.
 - b) Asistir a persoa titular da Presidencia nas sesións do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.
 - c) Nomear e separar, se é o caso, os/as vogais titulares e suplentes.
 - d) Exercer aquelas funcións delegadas pola persoa titular da Presidencia.
 - e) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes ao seu cargo e que estean relacionadas coa diversidade sexual e identidade de xénero.

Artigo 9. *Secretaría*

1. A Secretaría do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero correspóndelle a unha persoa funcionaria adscrita ao órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, que será nomeada pola persoa titular da Presidencia.
2. A persoa titular da Secretaría será nomeada por tempo indefinido e poderá ser cesada discrecionalmente pola persoa titular da Presidencia e, necesariamente, se se produce declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargo público por sentenza xudicial firme.
3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituída pola persoa funcionaria do mesmo órgano que expresamente designe a persoa titular da Presidencia.
4. Son funcións da persoa titular da Secretaría:



XUNTA DE GALICIA

- a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.
 - b) Efectuar a convocatoria das sesións do Observatorio por orde da súa presidencia, así como as citacións aos seus membros.
 - c) Recibir os actos de comunicación dos membros co Observatorio e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
 - d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
 - e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
 - f) Cantas outras funcións sexan inherentes á secretaría dun órgano colexiado.
5. Para o exercicio das súas funcións a persoa titular da Secretaría contará co apoio dos medios persoais e materiais a que fai referencia o artigo 4 deste decreto.

Artigo 10. *Vogalías*

1. O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero estará composto polas seguintes vogalías:

- a) A persoa titular da Delegación do Goberno en Galicia ou persoa en quen delegue.
- b) Unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.
- c) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de familia.
- d) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de sanidade.
- e) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de educación.
- f) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de deporte.
- g) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de xuventude.
- h) Unha persoa en representación do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de medios de comunicación.
- i) Unha persoa en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).
- j) Unha persoa en representación de cada unha das tres universidades galegas.



XUNTA DE GALICIA

k) Un número de persoas equivalente ao de representantes sindicais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

l) Unha persoa en representación de cada unha das organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia, así como das presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas que non teñan a condición de máis representativas.

m) Unha persoa en representación de cada unha das organizacións, asociacións, fundacións e colectivos LGTBI, que así o soliciten de acordo cos requisitos e o procedemento establecido nos artigos 11 e 12.

2. Nomearase unha persoa suplente por cada unha das persoas titulares vogais no mesmo momento do seu nomeamento.

3. As vogalías titulares e suplentes en representación dos distintos órganos participantes da Xunta de Galicia terán un rango mínimo de xefatura de servizo ou equivalente, agás casos excepcionais debidamente xustificados de acordo a criterios de idoneidade.

4. Poderanse ampliar as vogalías por acordo do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero cando se considere que é necesario estender a representación a ámbitos de actuación que resulten de interese para o cumprimento das funcións encomendadas.

5. Os/as vogais titulares do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e as persoas suplentes que os/as substitúan nos supostos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa lexítima debidamente xustificada, serán nomeados/as e separados/as pola persoa titular da Presidencia do observatorio, por proposta da organización ou entidade das recollidas no artigo 8 que corresponda en cada caso.

6. Correspóndelle ás vogalías:

a) Recibir cunha antelación mínima de corenta e oito horas a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular suxestións e preguntas.

e) Ter á disposición, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vogal dun órgano colexiado.

7. Serán causas de separación do exercicio das súas funcións as seguintes:



- a) A renuncia expresa.
- b) A revogación da representación, por parte da organización ou entidade que a propuxo.
- c) A declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargo público por sentenza xudicial firme.
- d) Calquera outra causa xustificada que impida o exercicio das funcións asignadas.

As circunstancias anteriormente sinaladas deberán comunicarse á Secretaría do Observatorio.

Artigo 11. *Vogalías representantes de colectivos LGTBI*

Poderán solicitar as vogalías definidas no apartado 1.n) do artigo anterior aquelas asociacións, fundacións, organizacións e colectivos LGTBI legalmente constituídos que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa e promoción da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e/ou identidade de xénero e que desenvolvan a súa actividade en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12. *Procedemento de solicitude e recoñecemento das vogalías representantes de colectivos LGTBI*

1. Os colectivos LGTBI que desexen participar como vogalías no Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero presentarán as súas solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), conforme o Anexo I que acompaña este decreto. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e permanecerá aberto con carácter permanente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 13. Documentación complementaria

1. Coa finalidade de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 11, as entidades que desexen participar neste procedemento deberán presentar, xunto co antedito Anexo I, os estatutos da entidade.

2. A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



XUNTA DE GALICIA

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do Cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

7. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) NIF da entidade da entidade solicitante.
- b) DNI da persoa representante, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 15. *Emenda da solicitude*



XUNTA DE GALICIA

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá á persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.
2. Sen prexuízo do disposto neste artigo, poderase requirir en calquera momento do procedemento ás persoas solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde ou para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 16. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Prazo máximo de resolución e efectos do silencio administrativo*

1. Das solicitudes presentadas emitirase resolución expresa pola persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade no prazo máximo de



XUNTA DE GALICIA

tres meses. De non producirse a resolución expresa no citado prazo a solicitude entenderase desestimada.

2. A resolución emitida poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende que se produciu a resolución expresa ou en calquera momento a partir do transcurso do prazo para resolver expresamente a solicitude ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. No caso de que a resolución estime a solicitude da entidade interesada, a persoa que exerza a súa representación legal disporá dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da notificación da correspondente resolución, para comunicar ao mesmo órgano que emitiu a resolución o nome, apelidos e NIF das persoas titular e suplente da correspondente vogalía. No caso de non realizar este trámite no prazo establecido considerarase que a entidade desiste da súa solicitude.

Artigo 18. *Regulación en materia de protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación dos procedementos asociados a este decreto, serán incluídos nun ficheiro denominado *Relacións administrativas coa cidadanía e entidades*, cuxo obxecto é xestionar o dito procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Igualdade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o envío dunha comunicación no seguinte enderezo electrónico : xestion.igualdade@xunta.gal ou no enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 19. *Duración do mandato*

1. Os membros do Observatorio que teñan a dita condición por razón do seu cargo desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o exercicio deste.

2. Os/as vogais titulares serán nomeados/as por un período de catro anos a partir da data da sesión constitutiva, sen prexuízo da súa posible reelección e do previsto no número 7 do artigo 10.

3. En canto á duración do mandato da persoa titular da Secretaría estarase ao disposto no artigo 9.

Artigo 20. *Funcionamento*

1. O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero funcionará en Pleno e, de ser o caso, en grupos de traballo.

2. Para a válida constitución do observatorio requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou, de ser o caso, daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.



XUNTA DE GALICIA

3. Cando a orde do día o requira, a persoa titular da Presidencia poderá invitar a participar nas sesións do Pleno e dos grupos de traballo, con voz pero sen voto, outras persoas cualificadas ou institucións que, por razón da súa actividade ou coñecementos especializados, teñan relación relevante coas materias obxecto da actividade deste observatorio.

Artigo 21. O Pleno

1. O Pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual estará composto por todas as persoas nomeadas no artigo 6 deste decreto, as cales, salvo a titular da Secretaría, terán dereito a voto.

2. O Pleno reunirase, polo menos, en sesión ordinaria, anualmente e, con carácter extraordinario, cando sexa convocado pola persoa titular da Presidencia por causa dalgún motivo de especial transcendencia relacionado coa competencia do devandito observatorio ou pola petición dun terzo dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes e decidirá, en caso de empate, o voto da persoa titular da Presidencia.

Artigo 22. Grupos de traballo

1. O Pleno poderá acordar a constitución, con carácter permanente ou temporal, de grupos de traballo con carácter sectorial ou por áreas de xestión específicas, co obxecto de dinamizar o seu funcionamento e dotalo de maior operatividade.

2. O acordo de constitución de cada grupo de traballo deberá especificar a súa composición, as funcións que se lle encomenden e, se é o caso, o prazo para a súa constitución.

3. Os grupos de traballo darán conta da súa actividade e resultados ao Pleno cando sexa procedente, a iniciativa propia ou por solicitude de calquera integrante do Pleno na mesma sesión ou na seguinte en que esta solicitude se produza, previa autorización da Presidencia.

Artigo 23. Actas

1. De cada sesión que celebre o órgano colexiado redactarase acta pola persoa titular da Secretaría, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Poderán gravarse as sesións que celebre o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola persoa titular da secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen na sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

2. A acta de cada sesión poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A persoa titular da Secretaría elaborará a acta co visto e prace da persoa titular da Presidencia e remitiráa a través de medios electrónicos, aos membros do órgano colexiado, quen poderá manifestar polos



XUNTA DE GALICIA

mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

3. Na acta figurará o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e o voto favorable, con indicación, por solicitude da persoa interesada, dos motivos que xustifican a súa decisión.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, que se unirá á acta no prazo das corenta e oito horas seguintes á finalización da sesión.

Artigo 24. Difusión

1. O Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero difundirá os datos, informacións, traballos e actuacións que elabore, a través da páxina web do órgano da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.

2. Os datos, informacións, traballos e actuacións elaborados polo Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero facilitaranse, sempre que sexa posible, en formatos dispoñibles para a súa reutilización.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto*

A constitución e posta en funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero non implica incremento do gasto público e non xerará aumento dos créditos orzamentarios da consellería competente en materia de igualdade. Así mesmo, as persoas que compoñen este órgano non percibirán indemnizacións pola asistencia ás súas reunións.

Disposición adicional segunda. *Prazo de constitución do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero*

A sesión constitutiva do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero terá lugar no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional terceira. *Actualización de modelos normalizados.*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de igualdade para ditar as disposicións necesarias para facilitar o correcto funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, así como para o desenvolvemento e a execución deste decreto.



XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*


Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, x de x, de 2018

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



PROCEDEMENTO RECOÑECEMENTO DAS VOGALÍAS DE REPRESENTANTES DE COLECTIVOS LGTBI	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI900A 	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal .	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (presumirase que a consulta é autorizada)	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
Estatutos da entidade			

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	OPÓÑOME Á CONSULTA <input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Igualdade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a xestion.igualdade@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE
Decreto x/2017, do...de... polo que se crea e regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	
Lugar e data	
<input type="text"/>	, <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

